

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 29 de setembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

- 1.1 12088 (10/POC-002139)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a retirada do helicóptero contraincendios da base de Vilanova, no Barco de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017
- 1.2 12822 (10/POC-002184)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre a creación formal e a fixación da data da reunión pola Consellería do Medio Rural da Comisión de Seguimento da Couza Guatemalteca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017
- 1.3 13062 (10/POC-002255)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre as medidas da Xunta de Galicia en relación co impulso da produción ecolóxica agrogandeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 1.4 13063 (10/POC-002256)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre a situación actual en Galicia en relación coas diferentes enfermidades animais que afectan o gando bovino, ovino e cabrún
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 1.5 14360 (10/POC-002655)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación coa documentación referida aos montes veciñais en man común existente nas diversas dependencias da Administración pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

- 1.6 14463 (10/POC-002688)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dun programa de axudas para paliar os danos ocasionados polo xabaril nos distintos cultivos do agro galego, así como o número de expedientes ou denuncias rexistrados por ese motivo desde o 10 de outubro de 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 1.7 15849 (10/POC-002840)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns da perda da capacidade real de carga de auga, da non adaptación aos lumes de nova xeración e da non coordinación dos medios aéreos do operativo de loita contra os incendios forestais por un técnico da Xunta de Galicia, así como da demora na existencia de t"illdozers" de retén na provincia de Ourense e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017
- 1.8 15884 (10/POC-002843)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a data prevista pola Consellería do Medio Rural para realizar unha xuntanza cos produtores de gando extensivo, castaña e cereal, así como dos apicultores afectados polas xeadas e a seca, a porcentaxe deles que se van beneficiar das axudas destinadas a sufragar os custos derivados da contratación de créditos e as razóns existentes na actualidade para non conceder axudas directas aos afectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 25/09/2017 16:13:07